



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) continuamos informando sobre as novidades de [Horizon 2020](#). Nesta ocasión, centrarémonos na prioridade adicada á [Ciencia Excelente](#).

As actividades incluídas nesta prioridade teñen como finalidade reforzar e extender a excelencia da ciencia básica da UE e consolidar o [Espazo Europeo de Investigación \(ERA\)](#) para xenerar un sistema de innovación e investigación máis competitivo a escala global.

Para acadar esta meta, apoiaranse as mellores ideas e buscarase desenvolver o talento dentro de Europa. Asimesmo, quérese asegurar que os investigadores teñan acceso ás infraestruturas de investigación prioritarias e facer de Europa un lugar atractivo para os mellores investigadores do mundo.

Os obxectivos do pilar Ciencia Excelente en Horizonte 2020 resúmense nos seguintes puntos:

- Apoio ás persoas con talento e creativas, así como aos seus equipos para levaren a cabo a investigación punteira de alta calidade a través do [Consello Europeo de Investigación \(ERC\)](#)
- Financiar a investigación colaborativa para abrir novos e prometedores campos de investigación e innovación a través do apoio ás [Tecnoloxías Futuras e Emerxentes \(FET\)](#)
- Proporcionar aos investigadores unha formación baseada na excelencia coas mellores oportunidades de desenvolvemento a través das accións [Accións Marie Skłodowska-Curie \(MSCA\)](#)
- Asegurar que Europa conta con [Infraestruturas de Investigación \(RIs\)](#) de primeira clase (incluíndo e-infraestruturas) accesibles para todos os investigadores en Europa e no mundo.

Nestes momentos podedes atopar oportunidades de financiamento para estes catro obxectivos no [Portal do Participante](#).

As actividades serán claramente de perspectiva, construíndo capacidades a longo prazo, e adentrándose na nova xeneración de ciencia, tecnoloxía, investigadores e innovacións. Proporcionarán apoio ao talento emerxente en toda a UE e países asociados, así como a nivel mundial.

¡Ata o próximo xoves!